

As Bases definitivas da zona de concentración parcelaria de **CATOIRA (CATOIRA - PONTEVEDRA)** foron aprobadas pola Xunta Local da zona na súa reunión do 28 de outubro de 2008. Mediante Orde desta Consellería do Medio Rural, de data 7 de febreiro de 2011 a dita zona foi segregada en dúas, Catoira Norte e Catoira Sur.

A Disposición transitoria novena da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, na súa redacción dada pola disposición derradeira cuarta da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, sinala que *"O establecido no número 3 do artigo 41 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, será aplicable a todos os procedementos de concentración parcelaria que se encontren en bases definitivas aprobadas e non acadasen aínda a aprobación do acordo no momento de entrada en vigor desta lei."*

O antedito apartado 3 do artigo 41 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, dispón que *"Unha vez aprobadas as bases, só se tramitarán as solicitudes de cambio de titularidade de parcelas de achega que se presenten antes da data límite que determine para a zona a dirección xeral competente en materia de reestruturación parcelaria, por proposta do servizo provincial."*

Ao amparo do citado artigo o 7 de setembro de 2021 acordouse establecer como data límite o 15 de outubro de 2021. O 14 de marzo de 2022 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditou sentenza, a instancia da Comunidade de MVMC de San Miguel de Catoira, declarando a nulidade das Bases Definitivas de Catoira Sur. Para levar a puro e debido efecto a mesma, esta dirección xeral de Desenvolvemento Rural acordou retrotraer o expediente da zona, e polo tanto quedou sen efecto a data límite establecida con anterioridade.

A zona de Catoira Norte está intimamente ligada coa zona Sur, pois as titularidades en ambas zonas, na súa meirande maioría, son as mesmas. Esta interrelación obriga á revisión da zona de Catoira Norte para clarificar as cuestións relativas á propiedade. Por todo elo, considerase necesario deixar sen efecto a data límite do 15 de outubro de 2021 establecida, no seu día, para a zona de Catoira Norte.

Vistas a *Ley de Reforma y Desarrollo Agrario, de 12 de enero de 1973*, a Lei 4/2015, do 17 de xuño, de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia, a Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e demais disposicións vixentes de aplicación ao caso.

Esta Dirección Xeral, a proposta do Servizo de Infraestruturas Agrarias de Pontevedra, **RESOLVE**, aos efectos previsto no artigo 41.3 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, deixar sen efecto a data límite do 15 de outubro de 2021 establecida para a zona de Catoira Norte.

A presente resolución será obxecto de publicación nos termos establecidos no número 1 do artigo 42 da Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
A directora xeral de Desenvolvemento Rural
Inés Santé Riveira

